



Concello de Oza-Cesuras

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA CONTRIBUIR A PALIAR OS EFECTOS DA SARAIBADA DO 24 DE XUÑO DE 2026 QUE AFECTOU ÁS PARROQUIAS DE RODEIRO, BANDOXA, REGUEIRA E OZA CAUSANDO IMPORTANTES DANOS NAS INSTALACIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS TITULARIDADE DE PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS INSCRITAS NO REXISTRO DE REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) E EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO NESA DATA

O Concello de Oza-Cesuras establece, por primeira vez, unha liña de axudas económicas para contribuír a paliar os efectos da saraibada do 24 de xuño de 2026 que afectou as parroquias de Rodeiro, Bandoxa, Regueira e Oza causando importantes danos nas instalacións destinadas a actividades agrogandeiras ubicadas nas citadas parroquias e sexan titularidade de persoas xurídicas e persoas físicas que estean inscritas no REAGA e en activo e en funcionamento nesa data.

O contido das presentes bases se circunscribe á regulación mínima necesaria para adaptala á realidade do colectivo ao que se dirixe sendo ademáis garantista e protectora en relación á preocupante situación acaecida. Rexeranse, con carácter xeral, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e, supletoriamente na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

- 1ª. Natureza, obxecto e crédito orzamentario.

1. O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións ás persoas xurídicas e persoas físicas que o día da saraibada, 24 de xuño de 2026, sexan titulares de instalacións destinadas a actividades agrogandeiras radicadas nas parroquias de Rodeiro, Bandoxa, Regueira e Oza, que estean inscritas no REAGA e en activo e en funcionamento nesa data e que sufriran importantes danos nas citadas instalacións destinadas a actividades agrogandeiras.

2. Aos efectos das presentes bases enténdese por “actividades agrogandeiras” aquelas actividades con ánimo de lucro consistentes en na produción, cría e/ou venda de calquera clase de produtos agrogandeiros para o seu consumo aos destinatarios finais dos mesmos.

3. A contía destinada a atender as solicitudes das axudas previstas nestas bases ascende a 30.000€ euros e financiaranse con cargo ao saldo dispoñible na bolsa de vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 241.47000 no vixente orzamento municipal.

- 2ª.- Beneficiarios/as, requisitos e xeito de acreditación.

Poderán ser beneficiarias da subvención as persoas físicas empadroadas neste concello e as persoas xurídicas con domicilio social en Oza-Cesuras (cuxos representantes legais estean empadroados neste concello) que sexan titulares das citadas instalacións, que figuren inscritos no REAGA, que estean dados de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social de Traballadores por conta propia ou allea e cumplan os seguintes requisitos no momento de





Concello de Oza-Cesuras

presentación da solicitude de subvención:

- Que desenvolvan unha actividade agrogandeira nas parroquias de Bandoxa, Rodeiro, Regueira e Oza activa e en funcionamento o 24.06.2026 e sexan titulares de instalacións que sufriran danos como consecuencia da saraibada, da/s que indicarán a/s correspondente/s referencia/s catastrai/s e se comprometan a manter a súa actividade neste concello durante o período de dous anos dende, no seu caso, a data de concesión da axuda económica.

(A existencia da/s instalación/s destinada/s a/s actividades agrogandeiras será acreditada achegando documentación acreditativa da titularidade ou dereito real que posúa sobre o mesmo e o requisito de situación de actividade activa e en funcionamento será declarada responsablemente polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -).

- Que as persoas físicas e/ou as persoas xurídicas estean dados/as de alta no réxime da Seguridade Social o día da saraibada-

(Dito requisito acreditarase mediante xustificante de pagamento do último recibo da cota de seguros sociais correspondente ao mes de xuño de 2026)

- Que as persoas físicas e as persoas xurídicas estean inscritas no REAGA o día da saraibada.

(Dito requisito acreditarase mediante documento expedido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia acreditativo da dita inscrición)

- Que as persoas físicas e os representantes legais das persoas xurídicas estean empadroados/as no concello de Oza-Cesuras no momento de presentar a solicitude de subvención e que se comprometa/n a manterse empadroados/n neste concello durante o período mínimo de dous anos dende a data de concesión da axuda económica.

(Dito requisito de empadramento será comprobado de oficio pola Administración municipal e o compromiso efectuado polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -).

- Que estean dados de alta nos padróns fiscais do IAE ou nas matriculas de exentos do seu pagamento do concello de Oza-Cesuras correspondentes aos exercicios 2025 e 2026 e se comprometan a manter a súa inscrición durante un período mínimo de dous anos dende a data de concesión, no seu caso, da axuda económica. *(O requisito de situación da actividade será comprobado de oficio pola Administración municipal no padrón fiscal do IAE ou nas matriculas de exentos do seu pagamento correspondentes aos exercicios 2025 e 2026 e o compromiso efectuado polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -).*

No caso de terse iniciado a actividade no exercizo 2026, é aconsellable achegar copia da solicitude censal de alta por se aínda non estivese recollida dita situación nas matrículas postas a disposición deste concello pola Deputación Provincial da Coruña.

- Que a persoa física e a persoa xurídica se encontren ao corrente das obrigas tributarias coa Administración Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

(Dito requisito será declarado responsablemente polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -)

- Que a persoa física e a persoa xurídica se encontre ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras.





Concello de Oza-Cesuras

(Dito requisito será comprobado de oficio pola Administración municipal.)

- Que a persoa física e a persoa xurídica non se atopen incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(Dito requisito será declarado responsablemente polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -)

- Realizar, xunto coa solicitude da presente subvención, a solicitude de comunicación previa para a realización das obras de reparación dos danos causados pola saraibada do 24 de xuño de 2026 nas instalacións destinadas a actividades de agrogandeiras das parroquias de Rodeiro, Bandoxa, Regueira e Oza.

(A citada solicitude de comunicación previa será acreditado achegando os modelos normalizados de solicitudes que figuran como Anexos II das presentes bases).

- 3ª.- Gastos subvencionables.

1. Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os gastos que de xeito indubidable respondan a dos danos causados pola saraibada do 24 de xuño de 2026 nas instalacións destinadas a actividades agrogandeiras das parroquias de Rodeiro, Bandoxa, Regueira e Oza e sexan acreditados polos servizos técnicos municipais.

2. O IVE non se considera subvencionable.

3. Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

4. Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

5. As subvencións reguladas na presente convocatoria serán compatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar outras administracións públicas ou entres públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa reguladora en materia de subvencións. Neste sentido, non poderán, xunto con outras axudas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo do obxecto subvencionable.

- 4ª.- Concorrencia á subvención e contía máxima da axuda

1. A concesión das subvencións efectuarase en réxime de **concorrencia non competitiva**. A selección das solicitudes beneficiarias que reúnan os requisitos esixidos se levará a cabo en **función da orde de entrada das solicitudes** no rexistro do Concello de Oza-Cesuras ata o esgotamento da totalidade do crédito orzamentario.

2. O importe total da subvención será do 80% do importe total dos gastos previstos (IVE excluído) cos límites máximos por gastos subvencionable especificados na base 3.1 desta convocatoria.





Concello de Oza-Cesuras

En ningún caso o importe total de subvención a conceder por persoa física autónoma, persoa xurídica mercantil, comunidade de bens e sociedade civil beneficiaria poderá superar os **2.000,00** euros.

- 5ª.- Presentación de solicitudes, documentación a xuntar e prazo de solicitude.

1. O prazo de presentación de solicitudes de participación permanecerá aberto dende as 14:00 horas do 14.07.2026 ata as 00.00 horas do 31.07.2026 (ambos inclusive).

2. As presentes bases de convocatoria xunto cos seus anexos correspondentes aos modelos de solicitude e xustificación serán publicados na páxina web do concello

3. A presentación das solicitudes se realizará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web (www.concellodeozacesuras.es) cos certificados dixitais admitidos na mesma e achegando coa mesma os documentos electrónicos correspondentes ao modelo de solicitude contendo as declaracións responsables e os compromisos correspondentes (segundo o modelo do anexo I das presentes bases) con súa correspondente sinatura electrónica.

4. A solicitude presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I das presentes bases, **cuberto con letras maiúsculas e lexibles; en formato pdf ou jpg que recolla documentos completos e íntegros, non se admitirán aqueles documentos que figuren incompletos ou cortados** xunto coa seguinte documentación en copia auténtica (segundo declaración formulada polo propio solicitante) que seguidamente se sinala, o anexo II correspondente á memoria explicativa da actuación ou gasto que se pretende realizar (que incluírá reportaxe fotográfica) e anexo III correspondente á comunicación previa de realización das citadas obras.

a) *Copia auténtica do DNI, NIE ou NIF da persoa física*

b) *Copia auténtica do CIF, da escritura de constitución, e no seu caso das modificacións, xunto con documento acreditativo de poder suficiente para actuar en nome destas en caso de representación de persoa xurídica.*

c) *Documentación acreditativa da titularidade ou dereito real que posúa sobre as instalacións ubicadas nas citas parroquias destinadas a actividades agrogandeiras que sufriran danos como consecuencia da citada saraibada.*

d) *Xustificante de pagamento do recibo da cota de seguros sociais do mes de xuño de 2026 ou, no seu caso, resolución/certificacións da alta no réxime especial de traballadores agrarios por conta propia ou allea da Seguridade Social.*

e) *Documento expedido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia acreditativo de que a persoa física e a persoa xurídica solicitante figuran inscritas no REAGA.*

f) *Memoria explicativa da actuación ou gasto, asinada polo solicitante, que conterá os seguintes aspectos: breve descrición da actuación ou gasto que se ha de realizar para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria xunto con reportaxe fotográfica. (conforme ao modelo contido no anexo II das presentes bases).*

g) *Declaración responsable, autorizacións e compromisos (contidos no modelo do anexo I):*





Concello de Oza-Cesuras

Declaracións responsables:

- Declaración responsable asinada pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica de que desenvolven a súa actividade nunha explotación agrogandeira nas parroquias de Rodeiro, Bandoxa, Regueira e Oza acreditativa e de ser titulares de instalacións destinadas á mesma que estean en activo e en funcionamento o 24.06.2026, indicando as referencias catastrais das mesmas.
- Declaración responsable asinada pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica, de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social.
- Declaración responsable asinada pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable asinada pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Autorizacións:

- Autorización da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica para levar a cabo a consulta relativa ao seu empadramento no padrón municipal de habitantes deste concello.
- Autorización da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica para levar a cabo a consulta relativa á súa inclusión nas matrículas fiscais de IAE ou nas matrículas de exentos do seu pagamento correspondentes aos exercizos 2025 e 2026.
- Autorización da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica ao Concello de Oza-Cesuras para comprobar que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais municipais.

Compromisos:

- Compromiso da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica de manter a súa actividade nun local ou establecemento radicado neste concello durante o período de dous anos dende a data de concesión da axuda económica.
- Compromiso da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica de manterse empadroados no concello de Oza-Cesuras durante o período de dous anos dende a data de concesión da axuda económica.
- Compromiso da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica de manter a inscrición no censo de IAE deste concello durante o período de dous anos dende a data de concesión da axuda económica.
- Compromiso da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, a partir da data desta declaración.

f) Designación de conta bancaria (contida no modelo do anexo I).





Concello de Oza-Cesuras

g) Memoria explicativa da actuación ou gasto, asinada polo solicitante, que conterá os seguintes aspectos: breve descrición da actuación ou gasto que se ha de realizar para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria xunto con reportaxe fotográfica. *(conforme ao modelo contido no anexo II das presentes bases).*

i) Comunicación previa das obras de reparación que se van a levar a cabo (conforme ao modelo contido no anexo III das presentes bases).

j) No caso de terse iniciado a actividade no concello de Oza-Cesuras no exercicio 2026, é aconsellable achegar copia auténtica da solicitude censal de alta no IAE.

5. Non se poderá presentar máis dunha solicitude de subvención por cada solicitante (persoa física ou persoa xurídica).

- 6ª.- Procedemento de concesión, instrución e tramitación da axuda:

1. O procedemento de tramitación e concesións das axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, non ten a consideración de concorrência competitiva, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. A instrución do procedemento levarase a cabo pola comisión de verificación do Concello de Oza-Cesuras, que realizarán as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e que estará composta polos seguintes membros:

Dª. María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do concello de Oza-Cesuras.

Dª María Belén García Otero, funcionaria do concello de Oza-Cesuras.

D. Jose Varela Lata, persoal laboral do concello de Oza-Cesuras.

Dª. Carmen Pilar Barreiro Varela, concelleira de Oza-Cesuras.

3. Os servizos técnicos municipais realizarán visitas de comprobación ás instalacións agrogandeiras para cuxa reparación se solicite subvención ao obxecto de verificar o seu estado.

4. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

5. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- 7ª.- Resolución:

1. A resolución se motivará de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención pola verificación da concorrência nos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.





Concello de Oza-Cesuras

2. A resolución, incluírá a concesión da subvención ao solicitante ou, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación das que non reúnan os requisitos ou agotasen o crédito orzamentario, seguindo a orde rigurosa de presentación.

3. A resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, se ditará e notificará no prazo máximo de tres meses dende a data de publicación desta convocatoria, e indicará os recursos procedentes contra a mesma, así como o órgano ante o que interpoñelos, no seu caso.

4. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima aos interesados a entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

- 8.- Pagamento anticipado da subvención

1. Dada a natureza das subvencións e dada a situación financeira dos beneficiarios, **realizarase un pago anticipado como mínimo 50% do importe concedido** mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario na solicitude, como financiamento necesario para poder acadar a finalidade prevista inherente á subvención

2. A contía restante, no seu caso, farase efectiva unha vez xustificada a subvención no prazo máximo de 6 meses a contar dende a concesión da axuda económica.

- 9.- Xustificación da subvención. Prazo de presentación e forma da conta xustificativa

1. O prazo para presentar a xustificación da subvención comezará a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da subvención, e **rematará o 1 de decembro de 2026.**

2. Será requisito para o cobramento, acreditar a realización dos gastos e pagos subvencionados, sen prexuízo das actividades de comprobación por parte do Concello e dos órganos de control financeiro.

3. O gasto xustificado documentalmente deberá coincidir co inicialmente previsto no momento da solicitude de subvención ou ser superior a éste. Se o gasto xustificado fose menor ao importe ao inicialmente previsto procederá a minoración da subvención concedida.

4.- O IVE non será subvencionable.

5. A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a presentación do documento denominado conta xustificativa, conforme ao modelo anexo IV das presentes bases, correspondentes aos gastos e pagos realizados, e incluírá a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa con indicación das actuacións ou gastos realizados así como dos resultados obtidos.

b) Certificación acreditativa dos gastos realizados, acompañada das facturas que acrediten a realización dos gastos, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, concepto e data de emisión.

Deberán achegarse os comprobantes de pagamento (con selo do banco orixinal) mediante transferencia bancaria e/ou domiciliación do gasto en conta corrente. Non se admitirán





Concello de Oza-Cesuras

orxamentos ou facturas proformas.

c) Unha relación, no seu caso, dos outros ingresos ou subvencións que financiara a actividade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia.

6. A xustificación deberá alcanzar cando menos o importe da subvención concedida.

Se existen outras subvencións para o mesmo proxecto, o importe que cómpre xustificar será a suma de todas elas

7. Á vista da documentación xustificativa presentada pola persoa física ou persoa xurídica beneficiaria emitírase, tras a realización dunha visita de inspección, informe técnico municipal acreditativo da realización da actuación e do cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

Unha vez emitido este informe, as actuacións relativas á xustificación da subvención serán remitidas á secretaría-intervención municipal, para a súa fiscalización.

8. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou a xustificación insuficiente da mesma, levará consigo a perda ao dereito de percepción da subvención que se formalizará en resolución dictada polo órgano concedente, declarando a revogación do acto de concesión.

- 10. Incumprimentos e reintegros

1. O incumprimento de calquera das condicións impostas con motivo da concesión da subvención ou o seu cumprimento extemporáneo, serán causa de perda total do dereito e de reintegro.

2. A perda do dereito formalizarase en resolución dictada pola Alcaldía, declarando a revogación do acto de concesión.

3. O cumprimento parcial das condicións ou a realización tan so dunha parte da reparación das instalacións agrogandeiras que sufriran danos como consecuencia da saraibada, sempre que quede acreditada a actuación do beneficiario inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos ou se deba a forza maior, dará lugar ao pagamento parcial da subvención, ou, no seu caso, ao reintegro parcial aplicando a proporción en que se atope a actividade realizada respecto do total.

4. Se na comprobación ou no control financeiro se puxese de manifesto a falta de pagamento de todos ou parte dos gastos xustificadas, despois de cobrada a subvención, polos respectivos acreedores, se esixirá o reintegro, aplicando o principio de proporcionalidade, para o que se considerará reintegrable a subvención en proporción aos gastos impagados.

- 11. Devolución do anticipo da subvención por non xustificación da axuda ou xustificación en contía inferior ao citado anticipo

Chegado o 1 de decembro de 2026, no suposto de que non se xustifique íntegramente o anticipo percibido ou a xustificación presentada resulte inferior a este e non se achegue xustificante de reintegro do remanente que corresponda, iniciárase de oficio expediente de reintegro da contía non xustificada do mesmo.

- 12. Devolución voluntaria da subvención





Concello de Oza-Cesuras

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Oza-Cesuras, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

- 13. Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Oza-Cesuras, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na base décimo terceira, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- 14. Interpretación.

Cálquera dúbida que poida plantexarse da interpretación das presentes bases será resolta pola comisión de verificación.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro





Concello de Oza-Cesuras

(ANEXO I) SOLICITUDE

AXUDAS ECONÓMICAS PARA CONTRIBUIR A PALIAR OS EFECTOS DA SARAIBADA DO 24 DE XUÑO DE 2026 QUE AFECTOU ÁS PARROQUIAS DE RODEIRO, BANDOXA, REGUEIRA E OZA CAUSANDO IMPORTANTES DANOS NAS INSTALACIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS TITULARIDADE DE PERSOAS XURÍDICAS E PERSOAS FÍSICAS UBICADAS NAS CITADAS PARROQUIAS QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO DE REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) E EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO NESA DATA

SOLICITANTE :

Razón social: _____ CIF: _____
Apelidos e nome: _____ DNI/NIE/NIF: _____
Enderezo completo ou domicilio social: _____

Teléfono: _____
Enderezo de correo electrónico: _____
Actividade principal (descrición): _____
Epígrafe IAE: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE/NIF: _____
Teléfono: _____
Enderezo de correo electrónico: _____

EXPÓN:

Que tivo coñecemento das bases reguladora das axudas para contribuir a paliar os efectos da saraibada do 24 de xuño de 2026 que afectou ás parroquias de Rodeiro, Bandoxa, Regueira e Oza causando danos nas instalacións destinadas a actividades agrogandeiras titularidade de persoas físicas e xurídicas inscritas no REAGA en activo e en funcionamento nesa data a través da publicación na páxina web do concello.

Que reúne os requisitos esixidos na base 2ª das reguladoras da dita convocatoria, polo que, ao obxecto de optar á concesión das citadas axudas

DECLARA RESPONSABLEMENTE :

☐ Que a persoa solicitante desenvolve unha actividade agrogandeira no lugar de _____, nº da parroquia de _____ (referencia catastral: _____) deste termo municipal inscrita no REAGA, en activo e en funcionamento o 24.06.2026.





Concello de Oza-Cesuras

Achega documentación acreditativa da titularidade ou dereito real que posúa sobre o dito local ou establecemento comercial.

☐ Que a persoa solicitante se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social.

☐ Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

☐ Que a persoa solicitante estaba dada de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou allea o 24.06.2026.

Achégase xustificante de pagamento do recibo correspondente ao mes de xuño de 2026 da cota de seguros sociais ou, no seu caso, resolución/certificación da alta no citado réxime especial realizada mes de xuño de 2026.

☐ Que a persoa solicitante estaba inscrita no REAGA o 24.06.2026

Achégase documento expedido pola Consellería do Medio Rural acreditativo de dito extremo.

☐ Que a persoa solicitante indicada arriba figura de alta no censo do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Oza-Cesuras no epígrafe _____ correspondente á actividade _____ na actualidade.

No caso de terse iniciado a actividade no exercizo 2026, é aconsellable achegar copia da solicitude censal de alta por se aínda non estivese recollida dita situación nas matrículas postas a disposición deste concello pola Deputación Provincial.

☐ Que a persoa solicitante indicada arriba para a mesma finalidade solicitou e/ou obtivo, ou ten pendente de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos as seguintes axudas:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda
Solicitada	Concedida				
☐	☐				
☐	☐				
☐	☐				
☐	☐				

☐ Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba para a mesma finalidade non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

AUTORIZA AO CONCELLO DE OZA-CESURAS:

☐ A levar a cabo a **consulta relativa ao seu empadramento** no padrón municipal de habitantes deste concello da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica .

☐ A levar a cabo a **consulta relativa á inclusión da persoa física ou da persoa xurídica na matrícula fiscal de IAE ou na matrícula de exentos** do seu pagamento correspondente aos exercizos 2025 e 2026.





Concello de Oza-Cesuras

☐ A levar a cabo a **comprobación** que a **persoa física ou xurídica estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais municipais.**

A persoa física autónoma ou o representante legal da persoa xurídica **COMPROMÉTESE** a :

☐ **Manterse empadroado/s no concello de Oza-Cesuras durante o período de dous anos dende a data de concesión da axuda económica.**

☐ **Manter a actividade agrogandeira neste concello durante o período de dous anos dende a data de concesión da axuda económica.**

☐ **Manter a inscrición no censo do IAE deste concello durante o período de dous anos dende a data de concesión da axuda económica.**

☐ **Comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, a partir da data desta declaración.**

E, en base ao exposto, **SOLICITA** se lle conceda a axuda nunha contía de _____ € (máximo total de 2.000 euros) para o pagamento dos gastos que indica na seguinte memoria explicativa da actuación (ANEXO II) ou gasto que achega co presente.

Para o que, aos efectos do cobramento da subvención, **designa a seguinte conta bancaria da súa titularidade:**

IBAN da conta bancaria (24 díxitos)

Códig o de país	Códig o de Contr ol	Código do banco	Código da sucursal	Díxit o de contr ol	Número de conta

E, ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

☐ Copia auténtica do DNI, NIE ou NIF da persoa física.

☐ *Copia auténtica do CIF, da escritura de constitución, e no seu caso das modificacións, xunto con documento acreditativo de poder suficiente para actuar en nome destas en caso de representación de persoa xurídica.*

☐ Documentación acreditativa da titularidade ou dereito real *que posúa sobre as instalacións ubicadas nas citas parroquias destinadas a actividades agrogandeiras que sufriran danos como consecuencia da citada saraibada.*

☐ Xustificante de pagamento do recibo da cota de seguros sociais do mes de xuño de 2026 ou, no seu caso, resolución/certificacións da alta no réxime especial de traballadores agrarios por conta propia ou allea da Seguridade Social.

☐ Documento expedido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia acreditativo de que a persoa física e a persoa xurídica solicitante figuran inscritas no REAGA.





Concello de Oza-Cesuras

☐ *Memoria explicativa da actuación ou gasto, asinada polo solicitante, que conterá os seguintes aspectos: breve descrición da actuación ou gasto que se ha de realizar para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria xunto con reportaxe fotográfica (anexo II).*

☐ **No caso de terse iniciado a actividade no concello de Oza-Cesuras no exercizo 2026, é aconsellable achegar copia auténtica da solicitude censal de alta no IAE.**

E, en relación coa documentación achegada declara responsablemente que é copia auténtica da orixinal que obra no seu poder e que pode exhibir a mesma en calquera momento a requirimento do Concello de Oza-Cesuras.

Oza-Cesuras, ____ de _____ de 2026

(*)Asdo, _____

(*) A solicitude, as declaracións responsables, as autorizacións e os compromisos deben ser asinadas pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO II

AXUDAS ECONÓMICAS PARA CONTRIBUIR A PALIAR OS EFECTOS DA SARAIBADA DO 24 DE XUÑO DE 2026 QUE AFECTOU ÁS PARROQUIAS DE RODEIRO, BANDOXA, REGUEIRA E OZA CAUSANDO IMPORTANTES DANOS NAS INSTALACIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS TITULARIDADE DE PERSOAS XURÍDICAS E PERSOAS FÍSICAS UBICADAS NAS CITADAS PARROQUIAS QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO DE REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) E EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO NESA DATA

MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTUACIÓN OU GASTO QUE SE PRETENDE REALIZAR CON REPORTAXE FOTOGRÁFICA

SOLICITANTE :

Razón social: _____ CIF: _____

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE: _____

Enderezo completo ou domicilio social: _____

Teléfono: _____

Enderezo de correo electrónico: _____

Actividade principal (descrición): _____

Epígrafe IAE: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE: _____

Teléfono: _____

Enderezo de correo electrónico: _____

OBXECTO DA SOLICITUDE: _____

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN OU GASTO QUE SE HA DE REALIZAR
(*Sínálase o tipo de gasto que se pretende realizar de entre os seguintes subvencionables*)

IMPORTE SOLICITADO PARA ESTE TIPO DE GASTO SEN IVE (indicar): _____





Concello de Oza-Cesuras

OBXECTIVO QUE SE PERSEGUE COA REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN OU GASTO:

CALENDARIO DE REALIZACIÓN AO LONGO DO ANO 2026:

REPORTAXE FOTOGRÁFICA:

(Sinatura do solicitante)





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO III

AXUDAS ECONÓMICAS PARA CONTRIBUIR A PALIAR OS EFECTOS DA SARAIBADA DO 24 DE XUÑO DE 2026 QUE AFECTOU ÁS PARROQUIAS DE RODEIRO, BANDOXA, REGUEIRA E OZA CAUSANDO IMPORTANTES DANOS NAS INSTALACIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS TITULARIDADE DE PERSOAS XURÍDICAS E PERSOAS FÍSICAS UBICADAS NAS CITADAS PARROQUIAS QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO DE REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) E EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO NESA DATA

COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS

SOLICITANTE :

Razón social: _____ CIF: _____
Apelidos e nome: _____ DNI/NIE: _____
Enderezo completo ou domicilio social: _____
Teléfono: _____
Enderezo de correo electrónico: _____
Actividade principal (descrición): _____
Epígrafe IAE: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE: _____
Teléfono: _____
Enderezo de correo electrónico: _____

En aplicación do disposto no artigo 142.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

COMUNICA

Que vai realizar as obras que se describen a continuación:

Localización das obras

Enderezo completo:

Referencia catastral:

Descrición detallada das obras





Concello de Oza-Cesuras

Orzamento de execución material

Documentos que se achegan (marcar con X)

- ☐ Orzamento de execución material das obras detallado por partidas cando non sexa esixible proxecto técnico.
- ☐ Autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- ☐ Autoliquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) e taxas por actividade administrativa que correspondan xunto con autorización para realizar o pagamento do ICIO da mesma con cargo, no seu caso, á subvención concedida.
- ☐ Fotografías do estado actual
- ☐ Planimetría: Situación catastral e planeamento municipal

O COMUNICANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1) Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na presente comunicación e documentación que se achega.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide exercer a actividade comunicada, sen prexuízo das sancións que por tales feitos poideran impoñerse.

2) Que as actuacións que se detallan nesta comunicación previa cumpren en todos os seus extremos coas normativas urbanística e sectorial de aplicación neste Concello, e que serán executadas con arranxo ás condicións xerais e específicas que figuran no anexo desta comunicación

3) Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade, así como as concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra Administración Pública.

4) Que se a realización das obras ten como finalidade a posta en funcionamento dunha nova actividade ou a modificación dunha actividade previamente autorizada ou comunicada, unha vez finalizadas presentará neste Concello comunicación previa para o inicio da actividade, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, achegando certificado de fin de obra coa dita comunicación

Oza-Cesuras, ____ de _____ de 2026





Concello de Oza-Cesuras

AUTORIZO, aos efectos de pagamento do ICIO da presente solicitude, ao Concello de Oza-Cesuras para realizar, en caso de concesión da subvención indicada no encabezamento, o cobro de citado imposto con cargo á subvención que, no seu caso, se conceda.

Oza-Cesuras, de de 2026

Asdo.: _____

ANEXO

CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS PARA AS OBRAS SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA

CONDICIÓNS XERAIS

1) Non se poderán iniciar as obras que con este escrito se comunican ata que transcorra o prazo de quince días hábiles contado a partir do seguinte ao da entrada no rexistro municipal desta comunicación coa documentación esixible completa.

As obras que se comunican deberán de iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no parágrafo anterior e deberán ser finalizadas no prazo máximo de un ano ou de dous, no caso das obras para as que se esixa proxecto técnico, contado a partir da mesma data. Finalizados os ditos prazos sen que as obras se inicien ou rematen se declarará caducado o dereito a obrar que outorga a comunicación previa, salvo que o interesado comunique prórroga dos referidos prazos antes da súa finalización e por un tempo non superior ao inicialmente establecido.

2) Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección par parte do concello respectivo.

3) Unicamente se poderán executar as obras descritas na presente comunicación. As dimensións e características das obras non excederán das comunicadas, considerándose como infracción urbanística calquera extralimitación na que se incorra. Cando se pretenda introducir modificacións durante a execución se deberá comunicar de novo o dito feito ao Concello.

4) A presente comunicación non supón autorización para a ocupación da vía ou calquera espazos públicos con materiais de construción, andamios, máquinas, guindastres ou calquera ferramenta ou instrumento, xa que isto deberá ser obxecto da correspondente solicitude de licenza para a súa autorización, se procede.

Igualmente se solicitará licenza para todas as obras que afecten a bens do dominio público municipal (por exemplo: conexións ás redes municipais de abastecemento de auga e de saneamento ou ramplas de acceso a parcelas desde o viario público municipal).

5) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en





Concello de Oza-Cesuras

condicións de seguridade, salubridade e limpeza.

6) A presente comunicación producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

7) O comunicante deberá ter a disposición dos servizos municipais a comunicación previa rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.

CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

1) Se as obras que se comunican se refiren á construción de cerramentos de parcela, antes do inicio das obras, o solicitante deberá efectuar sobre o terreo o replanteo da aliñación e recuamento do cerramento con respecto ao camiño público ou estrada cos que linde. Unha vez feito deberá comunicalo ao Concello aos efectos de que por persoal do mesmo se proceda á comprobación da súa adecuación á normativa de aplicación.

2) No caso de ser precisas cesións urbanísticas, éstas formalizaranse con anterioridade ou simultaneamente á Comunicación Previa. Para tales efectos levantarase un acta deste replanteo que se subscribirá polo interesado e un funcionario da Área de Urbanismo.

OBRA QUE SE COMUNICA:

SITUACIÓN /REF. CATASTRAL:

COMUNICADOR:

DATA: _____



Expte.: _____

AUTOLIQUIDACIÓN

- **IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO)**
- **TAXA POR ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA E GUBERNATIVA**

(Deberá presentarse coa solicitude de licenza de obra ou comunicación previa xunto co xustificante bancario do seu pagamento)

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES E TITULARES DE LICENZAS

Don/Dona.		D.N.I./N.I.F.	
Enderezo:		Localidade:	
C.P.	Provincia:	Teléfono:	
	E nome propio	E representación de	
Don/Dona.		D.N.I./N.I.F.	





Concello de Oza-Cesuras

Enderezo:		Localidade:	
C.P.		Provincia:	
		Teléfono:	

DATOS DO INMOBLE OBXECTO DA SOLICITUDE

Polígono		Parcela		Ref. catastral	
Lugar				Nº	Parroquia

DATOS DO TÍTULO ADMINISTRATIVO HABILITANTE A SOLICITAR

Comunicación previa e declaración responsable		
Descrición das obras:		
Orzamento execución material:	Orzamento total:	

CÁLCULO DA AUTOLIQUIDACIÓN:

IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS	
BASE IMPOÑIBLE (Orzamento execución material)	
CUOTA ICIO (3,40 % do orzamento de execución material)	
IMPORTE A PAGAR ICIO	
TAXA POR ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA E GUBERNATIVA	
Certificación de documentos ou acordos municipais	
TOTAL A INGRESAR	

O importe da autoliquidación farase efectivo con cargo á subvención que, no seu caso, se conceda.

Oza-Cesuras, de de
Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO IV

AXUDAS ECONÓMICAS PARA CONTRIBUIR A PALIAR OS EFECTOS DA SARAIBADA DO 24 DE XUÑO DE 2026 QUE AFECTOU ÁS PARROQUIAS DE RODEIRO, BANDOXA, REGUEIRA E OZA CAUSANDO IMPORTANTES DANOS NAS INSTALACIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS TITULARIDADE DE PERSOAS XURÍDICAS E PERSOAS FÍSICAS UBICADAS NAS CITADAS PARROQUIAS QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO DE REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (REAGA) E EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO NESA DATA

CONTA XUSTIFICATIVA

(O prazo para presentar a xustificación da subvención **rematará o 1 de decembro de 2026**)

SOLICITANTE :

Razón social: _____ CIF: _____

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE: _____

Enderezo completo ou domicilio social: _____

Teléfono: _____

Enderezo de correo electrónico: _____

Actividade principal (descrición): _____

Epígrafe IAE: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE: _____

Teléfono: _____

Enderezo de correo electrónico: _____

OBXECTO DA SOLICITUDE: _____

a) ACTUACIÓNS OU GASTOS REALIZADOS:

RESULTADOS OBTIDOS:





Concello de Oza-Cesuras

--

b) RELACIÓN DOS GASTOS REALIZADOS con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, concepto e data de emisión.

Identificación acreedor	Identificación documento	Importe	Concepto	Data emisión

Con esta relación achegaranse copias das facturas, boletíns de cotizacións, nóminas e/ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporadas na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior así como xustificantes de pagamento dos mesmos.

c) RELACIÓN DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIONÍS que financiaron a actividade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia:

Actividade subvencionada	Importe percibido	Organismo de procedencia

d) No suposto de remanente non aplicado, achegarase XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE REINTEGRO.

Oza-Cesuras, ____ de _____ de 2026

Asdo _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS





Concello de
OzaCesuras

Concello de Oza-Cesuras



Cod. Validación: 9ER3ZWNIA23P5N3KZXWHP6XF
Corrección: <https://ozacesuras.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 23